

PLAN DIXITAL

CEIP PLURILÍNGÜE DE CAMPANARIO

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Denominación: CEIP Plurilingüe de CAMPANARIO

Localidade: BAROÑA .

Código postal: 15979 .

Concello: PORTO DO SON

Teléfono: 881866297 - 881866298

NIF: Q6555774F

Código: 15013761

Email: ceip.campanario@edu.xunta.es

WEB: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcampanario>

Adscrición do centro: IES de Porto do Son

Horario do centro: 09:15 a 14:15

Durante o presente curso escolar, o noso centro conta cun total de 44 alumnos/as, dos cales 14 pertencen á etapa de educación infantil e 30 á etapa de educación primaria. No relativo ó profesorado contamos cun total de 8 profesores/as dos cales dous deles son itinerantes con outros centros da contorna.

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O entorno do centro está formado por unha mestura de ecosistemas. Este feito permítenos dispoñer, moi preto de nós, de numerosos recursos naturais que poden ser de gran utilidade para o desenrolo da actividade docente, xa que podemos observalos e estudialos in situ: os bosques, os ríos, as terras de cultivo, as praias, a ría, a vexetación autóctona, a aldea coa súa arquitectura popular (hórreos, pombais, cruceiros, fontes,...) e, por suposto, a arquitectura da civilización castrexa. Non podemos esquecer que nos atopamos a escasa distancia dese tesouro arqueolóxico que é o Castro de Baroña.

A parroquia de Baroña ten unha poboación que se achega aos 1.000 habitantes, o que nos dá unha densidade de 95 h/Km², aproximadamente. A parroquia de Ribasieira, máis dispersa e menos poboada, apenas chega aos 200 habitantes (os seus rapaces repártense entre dous centros de ensino, o Ceip. de Xuño e o Ceip. de Campanario).

A maior parte da poboación destas parroquias, ao igual cá do resto do Concello, diversifica

as súas tarefas económico-profesionais nun abano de actividades que, ao noso entender, son as seguintes, por orde de importancia e número de traballadores: a pesca, o marisqueo e industrias derivadas da pesca (en diversas localidades da Barbanza); a construción (con especial mención duna empresa local adicada á explotación e transformación de granitos, que dá emprego a un número considerable de veciños); actividades agrícolas, gandeiras e forestais; o sector servizos, que nos últimos anos vai en auxe, parello ao aumento de turismo na zona, e que fixo incrementar notablemente o número de comercios e establecementos hosteleiros.

En canto ao nivel socio-cultural, notamos un avance progresivo nos últimos anos, debido principalmente á maior porcentaxe de xuventude que accede a estudos superiores. Entre os mozos e mozas que foron alumnos-as do Ceip. de Campanario, atopamos un número considerable de titulados universitarios. Así, podemos afirmar que o nivel cultural é medio-alto. De todos os xeitos, sería moi desexable que se incrementaran as ofertas culturais que chegan ao medio rural desde as distintas administracións e se facilitase o acceso ás mesmas a todas as persoas que habitan nas nosas aldeas.

Por último e desgraciadamente, temos que lamentar un descenso notable na poboación de Baroña e Ribasieira que se fai notar negativamente na matrícula do noso centro. Isto débese fundamentalmente a dúas causas: a baixa natalidade nos núcleos do rural e a emigración, que levou a moitas familias a buscar futuro en zonas urbanas de Galicia (e mesmo noutras comunidades ou países, como Canarias, País Vasco ou Estados Unidos), que ofrecen máis posibilidades de emprego, máis e mellores ofertas culturais e onde a conciliación laboral e familiar favorece o acceso ao emprego tanto a homes coma a mulleres.

Este PD intégrase dentro do Proxecto Educativo (PE) do centro, como un elemento dinamizador do traballo educativo cotiá. O PD debe incluír todos os proxectos e Plans do centro, ofrecendo ferramentas de traballo motivadoras, inclusivas, e en definitiva, orientadas a todo o noso alumnado sexan cales sexan as súas características persoais e de referencia sociofamiliar. Do mesmo xeito, a PXA do vindeiro curso 22/23, deberá ter en conta este PD, para desenvolver os obxectivos establecidos no Plan de Acción. Así mesmo, este PD formará parte do Plan de Integración das TICs ou Proxecto de Educación Dixital, que se inclúe na PXA.

Nos últimos anos o CEIP Campanario avanzou no ámbito das novas tecnoloxías, grazas á participación en distintos plans e proxectos como Edixgal ou Digicraft no teu cole, que

dotaron ó centro de novos equipamentos e melloras na conectividade da rede, un aspecto fundamental para adaptarse ós novos tempos.

1.3 Breve xustificación do mesmo

A LOE establece:

Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.

- As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumplan os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.
- Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.
- Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.
- As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.
- As administracións educativas velarán polo acceso de todo o estudiantado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.

Artigo 121. O proxecto educativo de Centro

- O proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

Artigo 132. competencias da dirección dos centros

- Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos

propostos no PEC.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral

de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Indícase que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar. Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

1.4 Proceso de elaboración

A elaboración do PD fíxose mediante a creación dunha liña de traballo dentro do PFPP do centro neste curso: PFPP S2105095 Elaboración do plan dixital de centro. Para iso formouse un Equipo para a Dinamización do Plan Dixital dirixido polo seu coordinador. En certos momentos do proceso, foi necesaria a participación de todo o Claustro para a recollida de datos. O Equipo do PD seguiu todos os pasos da nosa axente ADIX para a elaboración das tarefas previstas, SELFIE, DAFO, Plan de acción, etc recibiu varias xornadas de formación, e fixéronse reunións para a análise dos datos recibidos e a elaboración do Plan de Acción. Posteriormente fixéronse varias reunións para analizar e interpretar os datos recollidos e comenzar a conformar e redactar o noso plan dixital de centro.

A temporalización foi a establecida para a realización do Plan Dixital:

PLAN DIXITAL



2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro forma parte do proxecto E-DIXGAL e participa en varios contratos programa. Temos experiencia en programas relacionados coas TIC, como por exemplo DIGICRAFT (Realidade aumentada e robótica) que dende o curso 2019-2020 se está desenvolvendo no noso centro.

Tendo en conta os equipamentos a nivel dixital do centro, podemos dicir que a todas as aulas contan con un posto informático para o profesorado, ademais da biblioteca e sala de mestres. A maioría destes equipos son antigos e desactualizados, a maioría deles son do ano 2003 e 2007, polo que son equipos teñen unha media de entre 15 e 20 anos. Para poder seguir traballando con eles, foron reparados por parte da Unidade de Atención a Centros en diversas ocasións, pero con todo non responden ás esixencias que un centro demanda a día de hoxe.

Se ben é certo dende o pasado curso escolar entramos a formar parte do proxecto Edixgal, polo que a situación mudou un pouco. Grazas á participación neste proxecto, dotouse ó alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, así como ó profesorado que imparte docencia nestes niveis de equipos informáticos novos. Do mesmo xeito tamén se acometeron melloras na conectividade que nos permitiron ter internet mediante fibra óptica, un feito impensable ata o momento, nun entorno rural como o do noso centro.

En síntese, podemos dicir que contamos con infraestructuras básicas para o uso das TICs e para o desenvolvemento deste PD, aínda que necesitaríamos melloras en algunhas delas.


- WIFI e redes cableadas
- Mobiliario para os ordenadores.
- Ordenadores en todas as aulas para o uso do alumnado e en espazos de uso común
- Encerados dixitais

En canto ós servizos dixitais, contamos coa páxina web do centro, aula virtual e a app Abalarmóbil. É certo que a web do centro non está actualizada como debería e a aula virtual emprégase de xeito ocasional. Ademáis das ferramentas de uso corporativo tamén empregamos outras como Google Drive, Whatsapp, Kahoot, Youtube, Genially, etc.

En canto á xestión do mantemento do equipamento do centro, contamos cun docente que asume as funcións de coordinador TIC e encargase de xestionar as incidencias coa UAC. A pesar de todo nalgúns ocasións estas incidencias non son atendidas en prazos de tempo razoables e vémonos obrigados a buscar solución polos nosos propios medios

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe Selfie: analiza datos tendo en conta o equipo directivo, o profesorado e o alumnado.



8
5
5
7
1
2
2
9
6
5
7
7

H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	3.9
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.6

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	4	5	80%
Interino	1	2	50%
Outros	1	1	100%
Substituto	0	1	0%

Do persoal Definitivo:

Realizaron o test 4 docentes do total de 5 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 80% do profesorado Definitivo.

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	77,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 77,3 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.3. Distrib

Principiante (
Explorador/a
Experto/a (B:
Pioneiro/a (C
TOTAL

Dos 6 docentes

- 1 teñen u
- 3 teñen u

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	90,7	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	88	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Na etapa de Inf.:

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 90,7 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.3 Análisis e DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O alumnado de 5º e 6º conta con equipos individuais e actualizados	Dotación de equipamento tecnolóxico insuficiente e ou desactualizado
	PERSOAL		

	DOCENTE	Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado que permite a creación de canles de axuda e asesoramento.	Ausencia de ferramentas dixitais de avaliación por parte do profesorado, así como para documentar os progresos do alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		Baixa competencia do alumnado para a resolución de problemas técnicos en dispositivos dixitais
	FAMILIAS		Baixa competencia dixital dalgunhas familias
	OFERTA	Participamos no programa Digicrfat no teu cole e no Edixgal	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Aula virtual operativa e actualizada	Falta de estratexia dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
TEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Boa resolución de incidencias técnicas	Horas de coordinación

		insuficientes. Exceso de carga burocrática
LEXISLACIÓN	Coñecemos a normativa de protección de datos	Aínda que coñecemos as normas e dereitos de uso non se aplican asiduamente
CONTORNA	Entorno social e familiar favorable	Entorno rural que a veces ten dificultades de acceso á rede.
ANPA		Falta de colaboración e comunicación coa ANPA
OUTRAS ENTIDADES	A Comunidade de montes de Baroña colabora con nós para acadar os obxectivos educativos.	

3 Plan de Acción

Para a elaboración do presente plan de acción tiveronse en conta os recursos persoais e materiais cos que conta o centro no presente curso escolar 2021-2022.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

A partir dunha análise exhaustiva das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades coas que conta o noso centro, deseñáronse unha serie de obxectivos específicos, medibles e alcanzables que se axustan a un marco temporal concreto e ben definido. Todos estes obxectivos están perfectamente contextualizados e responden ás necesidades concretas do noso centro.

Así mesmo para cada obxectivo deséñanse uns puntos de partida e uns indicadores que se facilitarán a súa consecución. Toda esta información quedará recollida nunha serie de táboas que facilitarán o seguemento de cada obxectivo na fase de avaliación do plan e permitiranos introducir os axustes ou modificacións que consideremos oportunas de ser o caso.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En consonancia coa indicacións establecidas por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital, para o desenvolvemento de programas e proxectos do noso centro, consideramos a necesidade de certas melloras de equipamento e infraestruturas.

- **Infraestructura Dixital.** Precisamos unhas conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede de mellor calidade e que abarquen tódolos espazos do centro. Vémonos limitados polo alcance e cortes da rede WIFI. En ocasións non podemos utilizar a rede con fíos por que non dipoñemos dela en todos os espazos.
- **Equipamento.** Precisamos equipamento máis moderno, potente e de mellor calidade. Non contamos con ordenadores de sobremesa que desenvolvan con soltura e efectividade o traballo de edición de audio, imaxe e vídeo. A cámara de vídeo e fotos son antigas e non temos cámaras web para conexións telemáticas (tendo que usar a dos portátiles). En canto a mobiliario, non contamos con mesas axeitadas nin armarios para o material.

En concreto podemos detallar: A **conexión WIFI** é deficiente en determinadas zonas do centro. En canto a **rede cableada**, non a temos dispoñible en todos os espazos ou o número de tomas non son suficientes. Postos de traballo: precisamos

mobiliario axeitado e equipos máis modernos para o traballo administrativo. Biblioteca: precisamos mobiliario axeitado e equipos máis modernos para o traballo administrativo. Equipos para profesorado e departamentos: no referente aos espazos de traballo do profesorado, tampouco contamos con mobiliario axeitado nin equipos modernos, o que ralentiza e dificulta o traballo diario tanto educativo como administrativo. Tamén precisaríamos discos duros externos ou discos de copia de seguridade para resgardar a documentación dixital do centro. Non contamos con equipos suficientes ou ben son de baixa calidade ou rendemento e dannos problemas. Por iso precisamos equipos ultraportátiles e un carro de carga para os mesmos.

No momento actual foron solicitadas as reposicións de varios proxectores e monitores de ordenador, a través do asesor abalar de zona pero aínda non foron atendidas.

- **Servizos dixitais educativos.** En canto aos servizos dixitais, precisaríamos unha maior funcionalidade nos mesmos, por exemplo actualizar Drupal á última versión, ou ter unha galería de imaxes que dese máis posibilidades de integración (por exemplo para embeder contidos noutras webs). No referente á web corporativa, ademáis da citada actualización á última versión, agradeceríase que fose máis flexible, para por exemplo poder editar os temas ou instalas engadidos dende a zona de administración.

A modo de síntese deste apartado adxuntamos un inventario do equipamento a nivel dixital co que conta o noso centro:

LOCALIZACIÓN	NÚMERO E DESCRICIÓN	PROCEDENCIA	ESTADO
<i>Biblioteca</i>	1 equipo HP PRO 3130 MT Monitor, rato e teclado HP 1 proxector EPSON EB 570 1 PDI EXPTE 102/2015 lote II	XUGA 2016 XUGA 2015	<i>Funcionamento correcto</i>
<i>Sala de reunións</i>	1 equipo HP PRO 3130 MT Monitor + teclado Dell, rato Logitech 1 equipo Lenovo Thinkcentre M series Monitor + teclado Lenovo, rato	XUGA 2011 XUGA 2015 XUGA 2015	<i>Faltan altavoces e cámara web para videoconferencias así como un proxector para as formacións.</i>

	Logitech 1 Fotocopiadora RICOH 2501 MP		Equipamento que no seu día tiñamos pero que se deu de baixa e precisamos repoñer A fotocopiadora da fallos continuamente e atasca papel con frecuencia.
Dirección	1 equipo HP PRO 60062 MT Monitor, teclado e rato HP 1 Impresora EPSON AL- M300	XUGA 2016 XUGA 2015	Funcionamento correcto
Aula Ed. Infantil	1 equipo Fujitsu Esprimo P 400 Monitor Dell, teclado compaq e rato Dell. 1 proxector EPSON EMP-745	XUGA 2012	O equipo vai lento e precisa actualización, o teclado é dos antigos (de bola) e o teclado tamén, con conexión tipo PS2 O proxector non enfoca e precisa ser substituído.
Aula Primaria 1	1 equipo HP PRO 3130 MT Monitor + teclado DELL, rato Logitech 1 proxector hitachi	XUGA 2011 (Proxector mercado polo centro)	Funcionamento correcto
Aula primaria 2	1 equipo Optilex 7010 Monitor Dell, Teclado hp, rato logitech 1 proxector acer	Equipo cedido por Fundación PAIDEIA (Proxector mercado polo centro)	Funcionamento básico pero correcto
Aula primaria 3	1 equipo portatil HP Probook 6550b 1 proxector Benq	XUGA 2011	Equipo lento e desactualizado
Proxecto Edixgal	13 ultraportátiles Lenovo Thinkpad Yoga 11e (para o alumnado) 6 equipos HP Probook 650 G8 (para o profesorado)	XUGA 2018 XUGA 2020	Funcionamento correcto

<i>Proxecto Digicraft no teu cole</i>	<i>12 tablets Samsung Galaxy Tab S5e 1 kit de intelixencia artificial e robótica 1 kit de realidade aumentada e videoxogos</i>	<i>Cesión feita no curso 2019-2020</i>	<i>Funcionamento correcto</i>

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional.							
OBXECTIVO 1:	Formación en Edixgal e creación de recursos na plataforma para o profesorado. (PFPP /					Acadado	
Responsable:	Director e persoa coordinadora de Edixgal.					Non	
INDICADOR/ES	DO	Nº de profesorado de 5º e 6º que participa da formación.					
Valor de partida:	0 profesorado de 5º e 6º que participa da formación						
Valor previsto e data:	Nº Total de profesorado de 5º e 6º que participa da formación				Curso escolar 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA	RECURSOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN	DA	ESTADO	
AO1.1: Acordar a realización dun PFPP para formación en Edixgal.	Claustro.	30/09/2022	Recursos humanos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Solicitar o PFPP anteriormente mencionado.	Dirección do centro.	30/09/2022	Equipos e aplicacións informáticas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Reunirse periódicamente para a realización de titorías entre	Claustro	20/06/2023	Equipos, aplicacións informáticas e recursos humanos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe.							
OBXECTIVO 2:	Formación do alumnado de nova incorporación ao E-dixgal.					Acadado	
Responsable:	Titores/as					Non	
INDICADOR/ES	DO	Nº de alumnado que participa na formación.					
Valor de partida:	0 alumnos/as que participan						
Valor previsto e data:	Totalidade de alumnos que participan				Curso escolar 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA	RECURSOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN	DA	ESTADO	
AO2.1: Repartir as credenciais e equipos	Coordinador e titores	30/09/2022	Recursos humanos, equipos e aplicacións informáticos.			Realizad	
						Aprazad	
						Pendent	
AO2.2: Iniciarse no entorno Edixgal	Profesorado 5º e 6º	31/10/2022	Recursos humanos, equipos e aplicacións informáticos.			Realizad	
						Aprazad	
						Pendent	
AO2.3: Iniciarse en ferramentas básicas de ofimática para a realización de	Profesorado 5º e 6º	20/06/2023	Recursos humanos, equipos e aplicacións informáticos.			Realizad	
						Aprazad	
						Pendent	

Área/s de mellora: Prácticas de liderado e gobernanza							
OBXECTIVO 3:	Solicitar liberación horaria para as coordinación de TICS, Edixgal e Plan Dixital.				Acadado		
Responsable:	Dirección do centro				Non		
INDICADOR/ES	DO	Nº de horas de liberación horaria por coordinación					
Valor de partida:	0 horas por coordinación						
Valor previsto e data:	1 hora por coordinación			Curso escolar 2022-2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA	RECURSOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN	DA	ESTADO	
AO3.1: Solicitar liberación horaria para as persoas coordinadoras a través de	Dirección	30/09/2022	Recursos humanos e aplicacións informáticas.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional.							
OBXECTIVO 4:	Posta en marcha do polo creativo e inicio do proxecto					Acadado	
Responsable:	Director e persoa coordinadora de polos creativos					Non	
INDICADOR/ES	DO	Produtos finais realizados no polo creativo					
Valor de partida:	0 produtos finais realizados						
Valor previsto e data:	1 produto final realizado				Curso escolar 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA	RECURSOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN	ESTADO		
AO4.1: Crear un grupo de traballo para organizar a xestión do polo creativo	Dirección	31/10/2022	Equipos informáticos, Espazo polo creativo e Biblioteca		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Organizar e poñer en marcha o equipamento do polo creativo	Grupo de traballo: titores e especialistas	10/12/2022	Equipos informáticos, Espazo polo creativo e Biblioteca		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Determinas as tarefas a levar a cabo no grupo de traballo	Grupo de traballo: titores e especialistas	2º/3º trimestre do curso 2022-2023	Equipos informáticos, Espazo polo creativo e Biblioteca		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.4 Obter polo menos un produto final do proxecto	Titores/as	Xuño 2023	Equipos informáticos, Espazo polo creativo e				

Área/s de mellora: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe							
OBXECTIVO 5:	A totalidade do alumnado participa nun proxecto interdisciplinar ó longo do curso					Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora de biblioteca					Non	
INDICADOR/ES	DO	Nº de aulas que participan no proxecto interdisciplinar					
Valor de partida:	0 aulas que participan						
Valor previsto e data:	Totalidade de aulas que participan				Curso escolar 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA	RECURSOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN	DA	ESTADO	
AO5.1: Acordo do proxecto interdisciplinar e accións a desenvolver	Persoa coordinadora do equipo de	1º claustro	Aplicación web para chuvia de ideas e equipos informáticos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2: Difusión das actividades do proxecto na páxina web.	Persoa responsable da páxina web ou	Actualización regular	Equipos infomáticos e web do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado (3º-6º) para a	Titores/as	20/06/2023	Equipos e aplicacións informáticas.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.4: Obtención de produtos finais TIC	Titores/as	20/06/2023	Equipos e aplicacións informáticas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (1) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (2) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (3) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (4) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (5) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (6) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4 Avaliación do plan

Para a elaboración do presente plan xa se levou a cabo unha avaliación inicial que permitiu a detección de necesidades concretas do noso centro e en función das mesmas deseñáronse unha serie de obxectivos perfectamente contextualizados e temporalizados.

Unha vez deseñados os obxectivos e elaborado o presenta plan, este será obxecto dunha avaliación procesual durante o desenvolvemento do mesmo que nos permitirá ir comprobando os posibles avances e ou retrocesos no caso de habelos e poder implementar os cambios e melloras que consideremos oportunos. En todo caso atenderemos ós obxectivos establecidos no plan de acción. No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da súa realización será cando menos unha vez ó trimestre e os aspectos a valorar son o estado da execución das accións, así como a análise e valoración dos resultados.

No contexto da avaliación final mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos fundamentais a valorar serán os relativos ao logro dos obxectivos e as propostas de mellora. O propio Plan de Acción, nos obxectivos plantexados, inclúe unha lista de cotexo como instrumento de avaliación que imos a utilizar. O proceso de implementación, ao ser un proceso vivo e modificable, poderá requirer o uso doutros instrumentos de avaliación se fose necesario.

5 Difusión do plan

Para a difusión do presente plan empregaremos a páxina web do centro, así como as distintas canles oficiais de difusión que empregamos habitualmente.

6 Conclusión

A nosa labor como mestres/as implica unha dispor dunha serie de coñecementos e estratexias que nos permiten colaborar cos docentes das diferentes etapas educativas para facilitar o máximo desenvolvemento e autonomía persoal do alumado, así como o logro dos obxectivos propostos para cada unha das etapas. Dentro deste saber ser e saber facer que debemos inculcar no noso alumnado atópase a competencia dixital. Camiñamos cara unha sociedade na que a

tecnoloxía está á orde do día e resulta fundamental formar ó noso alumnado para o futuro, para a dixitalización, para as novas profesións do futuro.